

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a entidade local menor de Camposancos para a elaboración da auditoría municipal de abastecemento para minimizar as perdas de auga

1 Antecedentes

A Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario establece na disposición adicional segunda que, no prazo máximo de dous anos, contado desde a entrada en vigor desta lei (o 11 de xaneiro de 2020), todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán levar a cabo unha auditoría co obxecto de cuantificaren as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa. Igualmente, deberán publicar a porcentaxe de perda de auga na sede electrónica da administración correspondente. Así mesmo, para minimizar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento, as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación, deberán igualmente aprobar un plan de actuacións para minimizar as perdas.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e a entidade local menor de Camposancos para a elaboración da auditoría municipal de abastecemento para minimizar as perdas de auga.



3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

A entidade local menor de Camposancos é unha entidade local de ámbito territorial inferior ao do concello, con personalidade xurídica propia e facultades para xestionar os seus bens e servizos, con competencias para administrar e conservar o seu patrimonio, así como para executar obras e servizos do seu interese. En concreto, a entidade local menor de Camposancos ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, de acordo co establecido no artigo 163 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que regulan o reparto competencial en materia de abastecemento.

O 8.7.2022 Augas de Galicia, co obxecto de axudar ás entidades locais no cumprimento da obriga establecida na disposición adicional segunda da citada Lei 9/2019, convocou axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuación para minimizar as perdas de auga. As entidades beneficiarias destas axudas, conforme ao estipulado no artigo 3 da Resolución de 23 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras das citadas subvencións, foron os concellos responsables dos sistemas de abastecemento á poboación cunha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes. Polo que, a entidade local menor de Camposancos, a pesar de ser responsable dos sistemas de abastecemento á poboación e de ter unha poboación inferior a 50.000 habitantes, non puido solicitar á axuda.

A entidade local menor, dado o elevado coste de realizar a auditoría en relación ao seu orzamento e tendo en conta que cumpre con todos os requisitos establecidos



na citada resolución do 23 de xuño de 2022 para ser beneficiario, excepto o de ser concello, solicitou auxilio económico a Augas de Galicia. Cómpre indicar que as citadas axudas foron concedidas a todos os concellos que a solicitaron e cumprían con todos os requisitos previstos na convocatoria para poder acceder ás subvencións.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

4 Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas no convenio ascenden a oito mil euros (8.000,00 €). Augas de Galicia financiará o 80% do importe total final das actuacións ata un máximo de seis mil catrocentos euros (6.400,00 €) con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital a corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, na anualidade 2023..

5. Vinculación co Plan estratéxico de Galicia

As actuacións son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de marzo de 2022, ao que se vinculan da seguinte forma:



1. Eixo: E3- Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes
2. Prioridade actuación: PA05-Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa
3. Obxectivo estratéxico/intermedio: E02-Culminar as infraestruturas precisas para a mellora do estados das masas de auga, compatibilizando o ciclo natural da auga.
4. Obxectivo operativo: OO03-Reducir a vulnerabilidade da poboación e das instalacións relacionadas co ciclo do uso da auga fronte ós riscos derivado
5. Indicadores,
 - a. P00437/Actuacións de colaboración para mellora da xestión do ciclo integral da auga;
 - b. P00440/Grao de execución (%)
6. Unidades de medición: número de actuacións e grao de execución estimado no exercicio corrente.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

